



INFORME XURÍDICO:
A POSICIÓN DOS CONCELLOS ANTE A
DECLARACIÓN DE NULIDADE E
INCONSTITUCIONALIDADE DOS ART. 107.1, 107.2
A) E 110.4 DO TRLFL, QUE REGULAN O IMPOSTO
DE PLUSVALÍA MUNICIPAL, EFECTUADA POLA
SENTENZA DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL DE 11
DE MAIO DE 2017

C/. Galeras, 14, Entreplanta
15705 Santiago de Compostela
tlf_981.564.937 | fax_981.554.051

Índice

Índice	2
I.- Alcance da Sentenza do Tribunal Constitucional de 11 de maio de 2017	3
II.- Criterios ou principios fundamentadores das resolucións dos Concellos fronte ás reclamacións presentadas.....	7
III.- Casuística das reclamacións que poden formularse	10
1 Reclamacións contra liquidacións do imposto anteriores á publicación no BOE da STC de 11 de maio de 2017 que adquirisen firmeza	10
2 Liquidacións do imposto anteriores á publicación no BOE da STC de 11 de maio de 2017 que non adquirisen firmeza.....	16
3 Liquidacións do imposto posteriores ao 11 de maio de 2017	19
V.- Conclusións.....	22

I.- ALCANCE DA SENTENZA DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL DE 11
DE MAIO DE 2017

Son moi variadas as posibilidades que se poden presentar á luz da sentenza do TC de data 11 de maio de 2017, que declara que os artigos 107.1 107.2 a) e 110.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais son inconstitucionais e nulos, pero únicamente na medida que someten a tributación situacóns de inexistencia de incrementos de valor.

Esta sentenza díctase en virtude dunha cuestión de inconstitucionalidade exposta polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Jerez de la Frontera en relación co art. 107 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en adiante, LFL), por posible infracción do principio de capacidade económica (art. 31.1 CE). Están pendentes outras cuestións de inconstitucionalidade idénticas, polo que é lóxico de previsible que a decisión do TC sexa a mesma.



Antes de nada debe recordarse o que literalmente acorda o fallo desta sentenza: *"Estimar a cuestión de constitucionalidade n.º 4864-2016 e, en consecuencia, declarar que os arts. 107.1, 107.2 a) e 110.4, todos eles do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, son inconstitucionais e nulos, pero únicamente na medida que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor."*

Pronúnciase, como se pode advertir, en termos moi similares aos fallos das Sentenzas de 16 de febreiro (STC 26/2017) e 1 de marzo de 2017 (STC 37/2017), relativas á normativa reguladora do IIVTNU nos territorios forais de Guipúzcoa e Álava.

Hai que engadir que esta sentenza indica que *"Unha vez expulsados do ordenamento xurídico, ex origine, os arts. 107.2 e 110.4 LFL, nos termos sinalados, debe indicarse que a forma de determinar a existencia ou non dun incremento susceptible de ser sometido a tributación é algo que só corresponde ao lexislador, na súa liberdade de configuración normativa, a partir da publicación desta Sentenza, levando a cabo as modificacións ou adaptacións pertinentes no réxime legal do imposto que permitan arbitrar o modo de non someter a tributación as situacións de inexistencia de*



incremento de valor dos terreos de natureza urbana (STC 26/2017, FX 7; e 37/2017, FX 5)."

En suma, o Estado pode lexislar para fixar os criterios que determinarán se se debe considerar ou non que hai incremento de valor na transmisión dun inmoble con respecto ao seu prezo de adquisición, como fixo o lexislador foral, tras a STC 26/2017, de xeito que, por exemplo, no caso de Guipúzcoa aprobouse o Decreto Foral-Norma 2/2017, de 28 de marzo, modificando o Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Os principios que inspiran esta norma poderíamos resumilos en que as liquidacións que sexan firmes, non se modifican, mentres que aos procedementos abertos e ás liquidacións que deban practicarse tras a sentenza do TC aplicárselles a nova norma que establece que para determinar a inexistencia de incrementos de valor se estará a si existe ou non diferencia entre o prezo de adquisición e o de transmisión. Hai que ter en conta que a estos efectos os prezos de adquisición e transmisión serán os que resulten de conformidade coa normativa do imposto de transmisións patrimoniais.

Consecuentemente co exposto, débese considerar que a inconstitucionalidade dos preceptos da LRFL en canto á regulación do IIVTNU sólo se produce no caso de que o valor de tal terreo sexa inferior o da transmisión que o da adquisición, polo que se tal caso non se produce as normas son plenamente constitucionais en todos os seus extremos.

Ademáis, outro aspecto relevante é que a declaración de inconstitucionalidade non contempla limitación temporal algunha, pero tamén é relevante que só é inconstitucional a norma na medida en que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor. Diso séguese que é imprescindible analizar os impostos pagados por este concepto respecto de cada transmisión realizada, para o obxecto de concluir sobre a posibilidade de aplicar a referida Sentenza e soportar reclamacións do importe aboados polo contribuínte, cuestión que "prima facie" é de sumo interés.

En efecto, o Tribunal Constitucional, ao igual que xa fixera nas dúas Sentenzas anteriores á de 11 de maio e que se citaron, acepta en principio o método de cuantificación obxectivo actualmente vixente do IIVTNU para aquellas transmisiones de inmobles nas que se producise un incremento de valor do terreo, sexa cal sexa o importe do mesmo.

II.- CRITERIOS OU PRINCIPIOS FUNDAMENTADORES DAS RESOLUCIONES DOS CONCELLOS FRONTE ÁS RECLAMACIONES PRESENTADAS

Con todo, en tanto non exista norma estatal que veña a completar a regulación do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, establecendo os parámetros para acreditar si houbo ou non incremento de valor para axeitalo á sentenza do TC, vexamos cales poden ser as situacións más frecuentes a que deberán enfrentarse os concellos, pero antes conviría indicar os criterios ou principios que deben servir de fundamento á contestación dos concellos:

1º.- Deberán seguir esixindo a liquidación do Imposto, xa que o TC só declarou a nulidade das normas en tanto que graven transmisións nas que non houbo incremento de valor.

2º.- Nas liquidacións que non ganasen firmeza, tanto anteriores como posteriores á sentenza do TC, si o suxeito pasivo alega e proba que non houbo incremento de valor, a liquidación resultará con cota a ingresar 0. Pero ¿Cómo deberá probalo o suxeito pasivo? O criterio seguido pola Deputación Foral, atender aos valores de adquisición e transmisión fixados de conformidade coa normativa reguladora do Imposto de Transmisións

Patrimoniais, podería ser unha boa fórmula, xa que dita normativa fala de "valor real", que é o de mercado. Por outra parte, non tería sentido tomar un valor "real" para a liquidación do Imposto de Transmisiones Patrimoniais e tomar outro valor "real" para a liquidación do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana. O valor real debe ser o mesmo en ámbolos casos.

Dise nesta normativa que se considerou oportuno aprobar unha regulación en virtude da cal non se someterán a gravamen os non incrementos nin as disminucións do valor dos terreos, de tal forma que, ao quedar este tipo de operacións á marxe do imposto, non será necesario proceder ao cálculo da base imponible nestos casos. Con iso, os artigos (declarados inconstitucionais), só resultarán de aplicación nos casos nos que exista un incremento do valor dos terreos e, por tanto, o seu contido sexa constitucional, cumprindo así co fallo da sentenza. A regulación exposta aconsella establecer algún mecanismo para coñecer se existe ese non incremento ou esa minusvalía, para o que se tratou de utilizar un sistema obxectivo, que resulte de fácil aplicación para os concellos, como é a diferencia entre os valores de transmisión e adquisición. O emprego deste método permitirá determinar con certeza a existencia ou non dun

incremento de valor. Dado que ditos valores poden no desglosar a parte do valor correspondente aos terreos, resulta necesario establecer unha regra que permita diferenciar dito valor, aplicando a parte proporcional do valor do solo con respecto ao valor catastral. En definitiva, o imposto vese acoutado a supostos nos que exista un incremento de valor dos terreos, tal e como esixe a sentenza. Agora ben, unha vez determinada a existencia do mesmo, o sistema para o seu cálculo manténse intacto. Así pois, o obxecto deste decreto foral-norma non é modificar a norma foral do imposto senón axeitala ao contido da sentenza, non se viu modificado o cálculo da base impoñible do mesmo, en tanto que o Tribunal o admite en casos nos que exista un incremento do valor do solo. Por outra parte, e tamén a prol dunha maior seguridade xurídica, incorpórarse ao referido texto normativo unha disposición transitoria que estableza os efectos que conleva a nova regulación con respecto a operacións que supuxesen a devindicación do imposto e as liquidacións do cal áinda non adquirisen firmeza. Por último, incorpóranse dúas disposicións finais. A primeira relativa á habilitación normativa ao Consello de Goberno Foral para o desenvolvemento do disposto no decreto foral-norma, e a segunda referente á entrada en vigor do mesmo. En particular, establece que surtirá efectos para todos os feitos impoñibles devindicados a partir da



C/. Galeras, 14, Entreplanta
15705 Santiago de Compostela
tel_981.564.937 | fax_981.554.051

data de publicación da sentenza do Tribunal Constitucional de 16 de febreiro de 2017 no Boletín Oficial do Estado, é dicir, a partir do 25 de marzo de 2017, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria.

3º.- As liquidacións do imposto que gañasen firmeza, non deberían modificarse, polo que calquera reclamación contra elas debería desestimarse.

III.- Casuística das reclamacións que poden formularse

1 Reclamacións contra liquidacións do imposto anteriores á publicación no BOE da STC de 11 de maio de 2017 que adquirisen firmeza.

É preciso destacar que sobre os efectos retroactivos da STC en cuestión nada se di nela, o que contrasta co dito neste punto pola STC 140/2016, de 21 de xullo de 2016 (Recurso de inconstitucionalidade 973-2013, interposto por cento nove Deputados do Grupo Parlamentario Socialista no Congreso dos Deputados respecto de diversos preceptos da Lei 10/2012, de 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de Xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses. Dereitos á

tutela xudicial efectiva (acceso á xustiza e acceso ao recurso) e á igualdade na lei; principio de capacidade económica e control de legalidade da actividade administrativa: nulidade do precepto legal que determina a cota tributaria da taxa polo exercicio da potestade xurisdiccional nas órdes civil (recursos de apelación, casación e extraordinario por infracción procesual), contencioso-administrativo e social.

En efecto, dise nesta STC 140/2016: "Respecto de ambos pronunciamentos de nulidade, procede aplicar a doutrina reiterada deste Tribunal en virtude da cal, «en supostos como o que agora nos ocupa e atendendo á pluralidade de valores constitucionais que concurren "debemos traer a colación, á hora de precisar o alcance no tempo da nosa declaración de nulidade, o principio de seguridade xurídica (art. 9.3 CE), ao que responde a previsión contida no art. 40.1 LOTC, segundo o cal as sentenzas declaratorias da inconstitucionalidade de leis "non permitirán revisar procesos feneñidos mediante sentenza con forza de cosa xulgada" nos que se fixese aplicación das leis inconstitucionais. Agora ben, a modulación do alcance da nosa declaración de inconstitucionalidade non se limita a

preservar a cosa xulgada. Mais alá dese mínimo imposto polo art. 40.1 LOTC debemos declarar que o principio constitucional de seguridade xurídica (art. 9.3 CE) tamén reclama que -no asunto que nos ocupa- esta declaración de inconstitucionalidade só sexa eficaz pro futuro, esto é, en relación con novos supostos ou cos procedementos administrativos e procesos xudiciais onde áinda non recaese unha resolución firme» [SSTC 365/2006, de 21 de decembro, FX 8 –con cita da anterior 54/2002, de 27 de febreiro, FX 9-; 161/2012, de 20 de setembro, FX 7; 104/2013, de 25 de abril, FX 4]. En particular, non procede ordenar a devolución das cantidades pagadas polos litigantes en relación coas taxas declaradas nulas, tanto nos procedementos administrativos e xudiciais finalizados por resolución xa firme; como naqueles procesos áinda non finalizados nos que a persoa obrigada ao pago da taxa a satisfizo sen impugnala por impedirlle o acceso á xurisdición ou ao recurso no seu caso (art. 24.1 CE), devindo con iso firme a liquidación do tributo. Sen prescindir do prexuízo que tal devolución reportaría á Facenda Pública, resulta relevante ter en conta a estos efectos que a taxa non se declara inconstitucional simplemente pola súa contía, tomada ésta en abstracto. Polo contrario, apreciamos que ditas taxas son contrarias ao art. 24.1 CE porque o elevado desa

contía carrexa, en concreto, un impedimento inxustificado para o acceso á Xustiza nos seus distintos niveis. Tal situación non pode predicarse de quen pagou a taxa logrando impetrar a potestade xurisdiccional que solicitaban, é dicir, no se produciu unha lesión do dereito fundamental mencionado, que deba repararse mediante a devolución do importe pagado."

Ante iso, cabe considerar se o silencio da STC sobre este punto equivale a recoñecer a súa eficacia retroactiva. Dende logo este é o plantexamento dos despachos de avogados litigantes e dos contribuíntes que reclamen devolución por ingresos indebidos, o que con carácter global non resulta admisible, nin coherente cos principios inspiradores do noso ordenamento.

En todo caso, e como cuestión primaria debe dicirse que os catro anos aos que retroactivamente se pretende extender os efectos da STC só se computarán dende a data de publicación no BOE da sentenza, de acordo co que dispón o Artigo 164.1 da Constitución, conforme ao cal "as sentenzas do Tribunal Constitucional **publicaranse no boletín oficial do Estado** cos votos particulares, se os houber. Teñen o valor de cosa xulgada a partir do día seguinte á súa publicación e non cabe

recurso algún contra elas. As que declaren a inconstitucionalidade dunha lei ou dunha norma con forza de lei e todas as que non se limiten á estimación subxectiva dun dereito, teñen plenos efectos fronte a todos. Da mesma maneira dise no Artigo 38 da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional que as sentenzas recaídas en procedementos de inconstitucionalidade terán o valor de cosa xulgada, vincularán a todos os Poderes Públicos e producirán efectos xerais dende a data da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Agora ben, a esa petición de retroactividade sempre se poderá opoñer o principio de seguridade xurídica, que é un principio recoñecido no Artigo 9.3 da Constitución, destacando, ademáis que o artigo 40 da mesma lei Orgánica establece: "Un. Ás sentenzas declaratorias da inconstitucionalidade de Leis, disposicións ou actos con forza de Lei non permitirán revisar procesos feneñidos mediante sentenza con forza de cosa xulgada nos que se fixese aplicación das Leis, disposicións ou actos inconstitucionais, salvo no caso dos procesos penais ou contencioso-administrativos referentes a un procedemento sancionador en que, como consecuencia da nulidade da norma aplicada, resulte unha redución da pena ou da sanción ou unha



exclusión, exención ou limitación da responsabilidade.” É evidente que un procedemento tributario non ten carácter sancionador salvo que, en cada caso, se seguisse un de tal natureza, que dende logo non é o contemplado pola STC orixe deste informe.

Deben rexitarse por canto a sentenza do TC non establece retroactividade, polo que as liquidacións que gañasen firmeza deben considerarse inamovibles. Pero ¿debemos quedarnos aí? A nosa recomendación sería quedarnos aí sempre que á reclamación acompañen acreditación suficiente de que non houbese incremento de valor con ocasión da transmisión suxeita ao Imposto. Se non acompañan dita acreditación, “ad cautelam”, para que o concello poda aducilo tamén na fase contencioso-administrativa sen que lle sexa reprochada a utilización de diferentes argumentos respecto aos utilizados na vía administrativa, deberían indicar que sen prexuízo da irretroactividade da sentenza do TC, dita sentenza establece que a nulidade só se aplica en caso de transmisións nas que non se puxese de manifesto incremento de valor, logo ao que afirme que non houbo incremento de valor élle esixible que o probe.

2 Liquidacións do imposto anteriores á publicación no BOE da STC de 11 de maio de 2017 que non adquirisen firmeza.

Se o suxeito pasivo alega e proba que non houbo incremento de valor, a liquidación debería resultar con cota 0. E a efectos probatorios podería bastar coa acreditación dos valores de adquisición e transmisión que deban terse en conta no Imposto de Transmisións Patrimoniais, nos que a Lei do Imposto no seu artigo 10 di que a base imponible estará constituida polo valor real do ben transmitido ou do dereito que se constitúa ou ceda.

Pero o prezo de transmisión indicado na escritura pública pode non ser suficiente. Dito doutro xeito, aínda que para o suxeito pasivo a transmisión supuxese unha perda, non por elo deixará de liquidarse o Imposto, xa que o que deberá terse en conta é o “valor real”, ben tomando como referencia os prezos a ter en conta no Imposto de Transmisións Patrimoniais, ben acreditando dito valor real cunha taxación ou valoración feita por Taxador ou Valorador autorizado.

É evidente, por outra parte, que os criterios que se utilicen para a determinación do valor real nos diferentes impostos que gravan as transmisións deben ser homoxéneos.

Non debe descartarse acudir ao procedemento previsto no artigo 57 da Lei Xeral Tributaria en canto á comprobación de valores. Recórdese que di:

"1. O valor das rendas, produtos, bens e demás elementos determinantes da obriga tributaria poderá ser comprobado pola Administración tributaria mediante os seguintes medios:

- a) Capitalización ou imputación de rendimentos á porcentaxe que a lei de cada tributo sinale.
- b) Estimación por referencia aos valores que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal.

Dita estimación por referencia poderá consistir na aplicación dos coeficientes multiplicadores que se determinen e publiquen pola Administración tributaria competente, nos termos que se establezan regulamentariamente, aos valores que figuren no rexistro oficial de

carácter fiscal que se tome como referencia a efectos da valoración de cada tipo de bens. Tratándose de bens inmobilios, o rexistro oficial de carácter fiscal que se tomará como referencia a efectos de determinar os coeficientes multiplicadores para a valoración de ditos bens será o Catastro Inmobiliario.

- c) Prezos medios no mercado.
- d) Cotizacíons en mercados nacionais e extranxeiros.
- e) Ditame de peritos da Administración.
- f) Valor asignado aos bens nas pólizas de contratos de seguros.
- g) Valor asignado para a taxación das fincas hipotecadas en cumprimento do previsto na lexislación hipotecaria.
- h) Prezo ou valor declarado correspondente a outras transmisións do mesmo ben, tendo en conta as circunstancias de éstas, realizadas dentro do prazo que regulamentariamente se estableza.
- i) Calquera outro medio que se determine na lei propia de cada tributo.

2. A taxación pericial contraditoria poderá utilizarse para confirmar ou correxir en cada caso as valoracións resultantes da aplicación dos medios do apartado 1 deste artigo.
3. As normas de cada tributo regularán a aplicación dos medios de comprobación sinalados no apartado 1 deste artigo.
4. A comprobación de valores deberá ser realizada pola Administración tributaria a través do procedemento previsto nos artigos 134 e 135 desta lei, cando dita comprobación sexa o único obxecto do procedemento, ou cando se sustancie no curso doutro procedemento dos regulados no título III, como unha actuación concreta do mesmo, e en todo caso será aplicable o disposto en ditos artigos salvo o apartado 1 do artigo 134 desta lei."

3 Liquidacións do imposto posteriores ao 11 de maio de 2017.

Seguiranse aplicando os mesmos criterios que ata agora coa única salvedade de que nos casos nos que o suxeito pasivo alegue que na transmisión non houbo aumento de valor, e o probe por algún dos

medios que indicábamos no apartado anterior, a liquidación será con cota a ingresar "0".

IV.- A RECLAMACIÓN AO ESTADO LEXISLADOR: O DANO PATRIMONIAL AOS CONCELLOS: A SÚA CONSTANCIA, CONTÍA E CLARIDADE

O dano sufrido polos concellos resultaría da suma dos importes devoltoos aos suxeitos pasivos que reclamasen con éxito na xurisdición contencioso-administrativa, e dos importes deixados de ingresar por efecto da sentenza do TC, todo elo ao amparo do establecido nos Artigos 32 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público.

Para iso esíxese un rigoroso e escrupuloso seguimento de todos os expedientes, unha constancia acreditada da conduta administrativa e procesual do concello que impida calificar a súa actuación como negligente e pouco coidadosa, un estrito control dos prazos que van desde o pago devolución ao contribuínte do imposto para presentar a oportuna reclamación antes de que pase un ano e evitar a prescripción.

A reclamación ao Estado tería o seu fundamento no dano patrimonial derivado da devolución das liquidacións, o que obrigará, como básico presuposto para a prosperabilidade desta actuación, a que cada concello leve un rigoroso control para acreditar a contía das liquidacións xiradas por plusvalía que se vexan obrigados a reintegrar, así como que o comportamento do concello fronte ás reclamacións de devolución fose diligente; a responsabilidade do estado lexislador, e finalmente a reclamación das cantidades compensatorias polos danos e prexuízos sufridos.

De acordo cos ditames do Consello de Estado 42/1994 e 1498/1993, a vía de responsabilidade patrimonial non é exclusiva dos particulares privados, admitindo que as entidades públicas podan utilizar esta vía, citando o caso concreto dos concellos.

V.- CONCLUSIÓN

PRIMERA.- Á luz da sentenza do TC de data 11 de maio de 2017, que declara que os artigos 107.1, 107.2 a) e 110.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais son inconstitucionais e nulos, pero únicamente na medida que someten a tributación situacóns de inexistencia de incremento de valor, son moi variadas as posibilidades que se poden presentar mentres o Estado non lexisle fixando os criterios que determinarán se se debe considerar ou non, que hai incremento de valor na transmisión dun inmoble con respecto ao seu prezo de adquisición.

Neste ínterim os criterios ou principios fundamentadores dos Concellos fronte ás reclamacións presentadas deberían ser:

1. Seguir esixindo a liquidación do imposto.
2. Nas liquidacións que non gañasen firmeza, tanto anteriores como posteriores á sentenza do TC, se o suxeito pasivo alega e proba que non houbo incremento de valor, a liquidación resultará con cota a ingresar “0”.

Pero, o suxeito pasivo debe probalo e, neste senso, resulta moi recomendable a fórmula establecida pola Deputación Foral, seguindo o criterio de atender aos valores de adquisición e transmisión fixados de acordo coa normativa reguladora do Imposto de Transmisións Patrimoniais, posto que esta normativa fala de "valor real", que é o de mercado. Non tendo senso tomar valores "reais" diferentes segundo se trate do Imposto de Transmisións Patrimoniais ou da liquidación do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, pois valor real debe ser o mesmo en ambos os casos.

3. As liquidacións do imposto que gañasen firmeza, non deberían modificarse, polo que calquera reclamación contra elas debería desestimarse.


SEGUNDA.- A reacción dos Concellos ante as reclamacións que podan presentarse debería ser:

1. Se as reclamacións son anteriores á publicación no BOE da STC de 11 de maio de 2017 e adquirisen firmeza: ao non falar a Sentenza de

efectos retroactivos, deben rexeitarse considerando que as resolucións que gañasen firmeza son inamovibles, en aras do principio de seguridade xurídica.

2. Se as liquidacións do imposto son anteriores á publicación no BOE da STC de 11 de maio de 2017 e non adquirisen firmeza: Se o suxeito pasivo alega e proba que non houbo incremento de valor, a liquidación debería resultar con cota "0", tomándose como valor probatorio o "valor real" ben referenciado nos prezos tidos en conta para o Imposto de Transmisións Patrimoniais, ben acreditándoo por medio dunha taxación ou valoración feita por Taxador ou Valorador autorizado, non descartándose acudir ao procedemento do art. 57 da Lei Xeral Tributaria para a comprobación de valores.
3. Se as liquidacións son posteriores ao 11 de maio de 2017: seguiranse aplicando os criterios ata agora aplicados, coa salvedade de que, nos casos en que o suxeito pasivo alegue e probe que na transmisión non houbo un aumento de valor, a liquidación será con cota a ingresar "0".

TERCEIRA.- Os Concellos de acordo cos art. 32 e seguintes da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, acumularán danos por:


- O total dos importes devoltos en vía administrativa aos suxeitos pasivos por liquidacións do imposto anteriores á publicación no BOE da STC de 11 de maio de 2017, que non adquirisen firmeza e que acreditasen na forma prevista no Epígrafe III.2 do presente Informe, que non houbo incremento de valor.
- O total dos importes devoltos aos suxeitos pasivos que reclamasen con éxito en vía contencioso-administrativo.
- O total dos importes deixados de ingresar dende a sentenza do TC.


Estos importes poderán ser reclamados ao Estado fundamentándose no dano patrimonial derivado da devolución das liquidacións, posto que os ditames do Consello de Estado 42/1994 e 1498/1993 indican que a vía de responsabilidade patrimonial non é exclusiva dos particulares privados, admitindo que as entidades públicas poidan utilizar dita vía, citando o caso concreto dos concellos.


Para poder levar a cabo dun xeito eficiente dita reclamación, os Concellos deberán levar a cabo un rigoroso e escrupuloso seguimento dos expedientes de forma que se poida acreditar:

1. As contías das liquidacións xiradas por plusvalía que deberon ser devoltas.
2. O comportamento diligente dos Concellos ante ditas reclamacións.
3. A responsabilidade correspondente ao Estado lexislador.
4. A indemnización por danos e prexuízos que todo elo causou ao Concello.

Madrid e Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017



Fdo. Manuel Lledo



Fdo. Delfa Losa